

## OS LÍMITES DA VIDA

“As sociedades actuais -e as que existiron e coñecemos- réxense por un sistema que outorga ao arquetipo de masculinidade os privilexios do mando. É brutal o sacrificio que implica para os homes -e ultimamente, tamén para as mulleres- moldearse de acordo con ese arquetipo funcional para non ser centrifugado ás terras incógnitas. (...) O movemento de liberación homosexual é un ataque directo ao arquetipo masculino”, escribe Antón Lopo no prólogo que antecede á tradución galega -obra do propio Lopo e de Amalia Salvado- de *A balada do cárcere de Reading* que vén de ver a luz en Edicións Laiovento. E, analizando as peripecias biográficas do autor desta peza, Oscar Wilde, non temos por menos que estar de acordo coas afirmacións de Antón Lopo, pois, desde antigo, as relacións entre homes foron marcadas co estigma do prohibido e, tal e como o propio prologuista documenta, en moitos casos implicaban un alto risco para a vida dos amantes.

Obsesionado pola beleza, Wilde topou de fronte cos prexuízos sexuais da sociedade inglesa decimonónica que o levaron, primeiro, a acalar os rumores sobre a súa homosexualidade cun matrimonio de conveniencia do que nacerán dous fillos e, máis tarde, a afrontar a estadía no cárcere por mor da súa relación con Alfred Douglas, fillo de lord Queenberry, influínte membro da sociedade do momento. Así, enfrontado ó escarnio público, o escritor terá que ver como a súa vida vai sendo posta en xuízo en dous procesos, un no que o xurado non se pon de acordo sobre a sentenza e outro, totalmente manipulado por Queenberry, que remata coa imposición dunha pena de dous anos de traballos forzados no cárcere de Reading. Parellamente ó proceso penal, Wilde sentirá como o seu adversario pon en funcionamento toda a súa influencia contra el ata o punto de arruinar a súa reputación como escritor e deixalo sen os fillos. Deste xeito, á amarga experiencia da perda da liberdade, sumarase o ostracismo a que foi sometido por parte da sociedade victoriana e tamén a falta de recursos económicos. Por iso, unha vez sae da cadea, guía os seus pasos cara a Francia, país onde morre en 1900. Nesta última tempada da súa vida -transcorren só tres anos desde que deixa de estar preso-, Wilde vive na máis absoluta soidade, unicamente axudado por Robert Ross, o seu primeiro amante e a persoa a quen dedica a súa derradeira obra: *A balada do cárcere de Reading*. Malia escribila estando xa en terras francesas, a peza recrea o axustizamento de Charles Woolridge, membro da real Garda Montada que matou á súa muller, ó que o escritor asistiu estando na cadea. Wilde aproveita este fío conductor para pór de manifesto as condicións infrahumanas da vida na prisión, a crueldade da pena de morte e a dor polo afastamento do seu amante chegando a facer do personaxe de Woolridge un alter ego

seu xa que *“nós eramos dous proscritos”* e só el é capaz de entender en toda a súa extensión a dor que o outro experimenta. Toda a dureza da vida intramuros resúmese na observación dos últimos días do condenado, na súa falta de esperanza -*“Non vin nunca un home que mirase/ con ollos tan tristes/ ese pequeno toldo azul/ que os presos chaman ceo”*- e na resignación perante a fin, cruel destino para quen, como o propio Oscar Wilde, *“non fixera / máis que rebordar os límites da vida”*.

TERESA SEARA

*Tempos Novos*, 77, outubro 2003, p. 79

